

**IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE**

# **PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**



## Sumario

XUSTIFICACIÓN.....	3
1- MARCO LEGAL DE REFERENCIA.....	4
2- A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE.....	5
2.1. Contorna sociolingüística do centro.....	5
2.2.Situación do profesorado.....	5
2.3. Situación do alumnado.....	6
.....	6
2.4. Situación lingüística do centro.....	7
2.5. Persoal non docente.....	7
2.6. A AMPA e as familias.....	7
3- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	8
4- LIÑAS XERAIS DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	9
5- O PROXECTO PLURILINGÜE DO NOSO CENTRO.....	10
6- PROPOSTAS PARA UN MELLOR APROVEITAMENTO DAS ENSIANZAS.....	13
7- ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES PARA A MELLORA DA COMPETENCIA COMUNICATIVA ORAL E ESCRITA NAS LINGUAS OFICIAIS .....	15
8- DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE ESO E BACHARELATO.....	17
9- AVALIACIÓN DO PROXECTO.....	23

## XUSTIFICACIÓN

O Proxecto Lingüístico de Centro é un documento de planificación lingüística no que o centro educativo fai explícito o seu compromiso cun ensino que garanta a competencia plena nas dúas linguas oficiais e, ao mesmo tempo, a adquisición dun coñecemento útil en linguas estranxeiras ao final do proceso educativo.

Que o alumnado sexa competente nas dúas linguas oficiais é o eixo central, dende o punto de vista lingüístico, do sistema educativo galego. A adquisición dunha competencia oral e escrita noutras linguas (inglés, francés, etc) parécenos un obxectivo necesario para formar alumnos e alumnas capaces de desenvolverse no mundo actual.

A satisfacción destes dous obxectivos configura a filosofía educativa, canto ás linguas, do IES Plurilingüe Rafael Dieste.

Partindo dunha situación sociolingüística cun claro desequilibrio a favor do castelán, e sendo conscientes da necesidade de adoptar medidas que contribúan á recuperación de usos para a lingua galega, necesitamos romper cos prexuízos lingüísticos existentes, promover unha visión útil da lingua galega e reforzar a súa estima. En definitiva, o galego, para alén do seu emprego curricular, debe estar presente na vida cotiá do centro.

O Plan Lingüístico de Centro terá unha vixencia de catro anos académicos. Cada ano, ao inicio de curso escolar, deberase elaborar unha addenda onde figuren as posíbeis modificacións no acto de impartir materias en linguas estranxeiras, así como unha completa información dos cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería.

Este Plan deberá contar cun protocolo de avaliación que permitirá un seguimento das accións levadas a cabo para unha posible mellora ou adecuación a novos contextos das medidas tomadas ou das estratexias adoptadas.

# **1- MARCO LEGAL DE REFERENCIA**

## **Constitución Española.**

O artigo 3 da Constitución Española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado. No seu punto 2º establece tamén que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos. Así mesmo sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

## **Estatuto de Autonomía de Galicia**

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia, e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu cumprimento.

## **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.**

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que, ao remate do ensino obrigatorio, será garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

## **Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992.**

A Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001 aborda o mesmo asunto desde unha perspectiva máis global.

## **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.**

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece entre os seus obxectivos conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.

## **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.**

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

## **Decreto 79 / 2010, do 20 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.**

Este Decreto regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo. Ten como obxectivo garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais, acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s) e promocionar a dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

## **Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.**

## **2- A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE.**

As conclusións sobre a situación lingüística no noso centro, canto á lingua galega, teñen como base o estudo sociolingüístico realizado no primeiro trimestre do ano 2010, revisando e actualizando o anterior, elaborado catro anos antes, no curso 2005/2006. Malia o paso do tempo, consideramos que os datos obtidos se axustan bastante a realidade actual e que as lixeiras variacións que se puideran ter producido, principalmente debidas ao aumento do alumnado inmigrante, non xustifican a realización dun novo estudo. Aquel fora realizado sobre os tres sectores da comunidade educativa do centro: 390 alumnos e alumnas, 158 do 1º ciclo de ESO, 152 do segundo ciclo e 80 de bacharelato. Ademais de 54 profesores e profesoras e 11 traballadores e traballadoras pertencentes ao PAS –persoal de administración e servicios-. O procedemento utilizado foi o de enquisas realizadas á totalidade dos membros de cada colectivo, garantindo o anonimato co fin de evitar ou reducir desviacións ocasionadas por posíbeis presións e/ou condicionamentos. As preguntas, adaptadas a cada un dos tres colectivos, referíronse basicamente a: 1º lingua de aprendizaxe inicial da fala, 2º a lingua de uso habitual oral e escrito; 3º ao uso oral e escrito da lingua nos diferentes ámbitos: familiar, laboral/escolar e social; 4º ao nivel de competencia recoñecido.

### **2.1. Contorna sociolingüística do centro.**

O IES Rafael Dieste da Coruña está situado na semiperiferia urbana da cidade da Coruña, nunha área ocupada por diversos centros educativos –Conservatorios de Música, Superior e Profesional, Escola Oficial de Idiomas; Universidade de Educación a Distancia, IES Salvador de Madariaga e CEIP Escola de Prácticas. Ten adscritos tres centros de primaria, dous públicos –CEIP Escola de prácticas e CEIP San Pedro de Visma- e un concertado, Colexio CID, dos que recibe a maioría do alumnado que conforma a súa poboación escolar. Está situado moi perto das instalacións da Asociación Comunitaria do Distrito V, coa que ten vínculos de colaboración desde a súa creación estando representado no consello asesor.

A poboación escolar do IES Rafael Dieste procede, na súa grande maioría, do contorno próximo do centro: rúas adxacentes e Barrio dos Rosais. Recibe alumnado de etnia xitana, os máis dos alumnos veciños do barrio de Portiño/Campanario.

Existe un importante colectivo de alumnado procedente de diferentes países latinoamericanos.

Asemade, temos outro colectivo importante de alumnos de familias procedentes do mundo rural, sobre todo de Bergantiños. A lingua dominante destes alumnos é, malia a orixe das súas familias, o castelán.

### **2.2. Situación do profesorado**

Case todo o profesorado definitivo do IES Rafael Dieste é natural da Coruña ou reside habitualmente na cidade desde antes da súa incorporación ao centro, sen contar aqueles

que nos derradeiros anos se foron instalando nos núcleos poboacionais próximos – Cambre, Meirás, Santa Cruz, Mera.

Segundo se desprende das enquisas realizadas, das 54 persoas que integran o claustro no momento da realización deste estudo, o 100% comprende o galego oral e escrito; entre o 90 e o 95% é quen de falalo e arredor do 65% sabe escribilo. Se ben o 100% declara cumprir a normativa vixente sobre o uso da lingua, o 90% admite ser máis competente en castelán que en galego. Dese 90%, o 50% declara ser “moito máis competente en castelán que en galego”; o 26% declara ser “bastante máis competente en castelán que en galego”; o 13% declárase “igualmente competente nas dúas linguas” e un 11% declárase “máis competente en galego que en castelán”.

A enquisa máis recente sobre o galego e o profesorado é a realizada no primeiro trimestre do curso 2011-12 e que só contou coa participación de menos do 40 % (39,6). Do 39,65% de profesores que contestaron, manifestaron empregar habitualmente o galego o 47,6%. Esta porcentaxe sobe ao 57,14 % no emprego do galego no traballo. O 42,8% utiliza o castelán e o 9,5% fala indistintamente en galego ou castelán.

## 2.3. Situación do alumnado

A análise deste apartado realizouse comparativamente cos resultados obtidos no anterior estudo, realizado no ano 2006 entre 85 alumnos e alumnas do 2º ciclo da ESO e 71 de Bacharelato. Naquel momento, por tanto, carecíamos de datos sobre o 1º ciclo da ESO, carencia que foi superada co estudo do ano 2010, no que obtivemos os datos que a seguir incorporamos:

- Lingua de aprendizaxe da fala: Nos últimos anos a situación non mudou substancialmente; a lingua de aprendizaxe inicial segue a ser maioritariamente o castelán.
- Lingua habitual na fala e na escritura: das respostas a este ítem, tiramos a conclusión de que a lingua dominante na fala e na escritura segue a ser o castelán, con grande diferenza a pesar do lixeiro ascenso do galego nos últimos catro anos.
- Lingua habitual nas comunicacións familiares: Tamén no ámbito familiar a lingua dominante do alumnado do IES Rafael Dieste é o castelán.
- A lingua nas relacións sociais: O castelán é máis potente nas relacións sociais.
- A lingua nas relacións dentro do centro: Segue a ser máis do 80% o alumnado que usa “castelán ou máis castelán” como principal lingua de comunicación no centro. E se ben o uso do galego nas aulas e nos exames segue a depender máis da actitude do profesorado que da lingua do libro de texto, rexístrase un descenso do uso do galego como lingua de relación no ámbito escolar.
- Actitude cara á lingua: Perto do 50% do alumnado pensa que o galego debería ser a lingua de comunicación nas aulas e que os libros de texto deberían estar en galego. A situación non varia significativamente respecto ao ano 2006.

Máis do 90% do noso alumnado segue a considerar importante mellorar as súas competencias en galego; máis do 80% opina que dominar o galego favorece as expectativas laborais e máis do 60% segue pensando que hai traballos que esixen o coñecemento do galego. E desde unha perspectiva social, arredor do 75% opina que todos

os galegos deberían saber falar e escribir esta lingua, ao tempo que un 100% segue a defender o seu emprego nos medios de comunicación, nos eventos deportivos, nas festas populares e nos actos culturais. Pola contra, só o 40% opina que os nomes das rúas deberían estar en galego, e o 21% pensa que falar galego forma parte da identidade galega.

## **2.4. Situación lingüística do centro**

A lingua escrita administrativa do centro é o galego e todos os documentos burocráticos, tanto da secretaría como da dirección, son redactados neste idioma. As notas, informes, comunicacións dos departamentos, actas, etc, realízanse en galego en máis do 50% do total.

A biblioteca do centro está a realizar un importante labor de defensa e difusión do galego, utilizando esta lingua para todos os seus comunicados escritos, para a relación habitual cos membros da comunidade educativa e para máis do 50% das actividades que desenvolve. O galego é a lingua de todas as adquisicións bibliográficas que se realizan, excepto aquelas que os departamentos demandan noutras linguas. Deste xeito, o volume de fondos en galego supera hoxe o 40% do total.

## **2.5. Persoal non docente**

É moi complexo sistematizar a situación da lingua neste colectivo. No estudo reflíctense actitudes e comportamentos ben diferentes. En xeral podemos concluir que os membros do persoal non docente utilizan o galego e o castelán, cambiando normalmente de lingua segundo o interlocutor.

## **2.6. A AMPA e as familias**

A ANPA utiliza como lingua vehicular fundamentalmente a lingua castelá. Segundo o Mapa Sociolingüístico de Galicia “a familia está perdendo protagonismo na transmisión natural do galego”, realidade que se manifesta no noso centro.

Os datos empregados neste documento sobre a situación sociolingüística do centro están extraídos do proxecto de normalización do IES RAFAEL DIESTE do ano 2010- 2011 e poden ser ampliados consultando dito documento e as enquisas e traballos previos a súa elaboración.

Tamén empregamos datos da enquisa ao profesorado do curso 2011-2012.

### **3- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

Neste centro son necesarias dúas liñas de actuación nas actividades de dinamización: en primeiro lugar, medidas que intenten superar os prexuízos existentes sobre a lingua galega e en segundo lugar as que intentan acadar máis ámbitos de uso para dita lingua.

1. Construír espazos de usos nos que se dea unha imaxe do galego como unha lingua útil e moderna.
2. Fomentar o uso do galego nas Tecnoloxías da Información e Comunicación, recompilando tamén material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas, etc
3. Implicar ao profesorado nas actividades derivadas da planificación lingüística: diagnóstico da situación sociolingüística, análise e valoración do PLC, seguimento do mesmo, formulación das liñas de actuación, etc
4. Concienciar ás familias galego falantes do papel fundamental que xogan na mellora da competencia da lingua galega e da repercusión que poden ter no mantemento do galego
5. Ensinar aos rapaces e rapazas que existen outras culturas moi distintas ao noso redor para que respecten as súas características e circunstancias, intentando eliminar os prexuízos contra o galego.
6. Informar ás familias do noso alumnado das vantaxes do bilingüismo co fin de superar os prexuízos que impiden a transmisión interxeracional do galego e propiciar o seu apoio ao proceso de normalización da lingua galega no ensino.
7. Intentar que a lingua galega sexa un vehículo de comunicación non só na escola, senón tamén nas viaxes, actividades deportivas, culturais, musicais, obradoiros, cafetería, etc.
8. Sinalar a importancia que deberían ter os medios de comunicación como instrumento de difusión da lingua.
9. En colaboración coa biblioteca, tal e como se fai neste momento, fomentar a lectura e as actividades relacionadas coa nosa cultura.
10. Fomentar o interese pola lingua e a cultura galega nas redes sociais.
11. Manter a utilización do galego na burocracia interna e externa do centro.
12. Fomentar sempre a igualdade de xénero e o respecto polas minorías.
13. Considerar fundamental a vontade de participación e colaboración dos distintos departamentos.
14. Conseguir que o instituto se convirta nun verdadeiro Centro que fomente a estima pola cultura en xeral e a galega en particular.
15. Fomentar a lectura e a creatividade dándolle protagonismo ao alumnado na súa actividade cotiá no centro para ofrecer unha imaxe da lingua e da cultura galega actual, diferente e útil.
16. Potenciar o emprego das novas tecnoloxías e aumentar o interese pola lingua escrita e a cultura galegas a través da rede.
17. Seguir colaborando e participando das actividades propostas dende a administración.



## **4- LIÑAS XERAIS DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

Da observación da vida cotiá no centro é doado deducir que os dous obstáculos básicos para a adquisición dunha competencia plena en galego son a falta do seu uso cotián e os prexuízos lingüísticos. Tendo en conta que practicamente a totalidade da comunidade educativa entende o galego e sería capaz de expresarse nesta lingua con certa competencia, consideramos esencial facilitar o seu uso en ámbitos informais e non só situacións formais ou máis ou menos ritualizadas. Ademais cómpre centrar os nosos esforzos na modificacións de prexuízos que afectan as linguas minoritarias e no noso caso concreto a lingua galega.

### **ALUMNADO**

- Fomento de actividades que estimulen o uso activo da lingua (fundamentalmente a oralidade).
- Realización de actividades de sensibilización e modificación de actitudes lingüísticas dirixidas a eliminar prexuízos lingüísticos.
- Extensión de usos e funcións sociais, levando o galego a espazos útiles e modernos.
- Edición das publicacións do centro en lingua galega.
- Organización de visitas de carácter didáctico que lle permitan ao alumnado coñecer a presenza da lingua galega en Galicia, sobre todo en actividades socialmente prestixiadas.
- Formación de grupos de teatro, musicais, clubs de lectura, entre outras, que desenvolvan a súa actividade en galego.
- Participación en actividades intercentros destinadas a promover o uso da lingua galega
- Organización de charlas e encontros con personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión, con vistas a prestixiar a lingua.
- Elaboración dun plano de acollida para o alumnado de nova incorporación non galego falante.

### **PROFESORADO**

- Colaboración cos colexios de primaria adscritos ao centro a través dos departamentos de Orientación e Dinamización Lingüística para un seguimento conxunto dos respectivos Plans Lingüísticos e organización de actividades conxuntas de fomento do galego.
- Realización de actividades que estimulen o emprego activo do galego na actividade docente.
- Organización de actividades, xornadas, cursos, grupos de traballos ou seminarios, que formen e repercutan sobre o PLC (estratexias, proxectos comúns, material didáctico en lingua galega, etc)
- Oferta de asesoramento lingüístico a través do EDL.

- Información e recompilación de recursos pedagóxicos que incidan na promoción do galego: correctores, tradutores, ferramentas informáticas, e outros recursos que faciliten a docencia en lingua galega.

#### A ANPA E AS FAMILIAS

- Realización de actividades coas familias sobre os beneficios do plurilingüismo, e os beneficios de vivir nunha sociedade bilingüe.
- Participación das familias nas actividades dinamizadoras que se organicen no centro.
- Información ás familias do alumnado procedentes doutras comunidades ou do estranxeiro do Plan Lingüístico do Centro.

#### PERSOAL NON DOCENTE

- Sensibilización do persoal non docente sobre a importancia da atención ao público en galego.
- Oferta de asesoramento lingüístico a través do EDL.

#### EQUIPO DIRECTIVO

- Potenciar a intervención do Equipo directivo no Plan Lingüístico de Centro para comprometerlo na consolidación e mellora da competencia comunicativa plena en ambas linguas oficiais.

## **5- O PROXECTO PLURILINGÜE DO NOSO CENTRO.**

O IES Rafael Dieste convertiuse no IES Plurilingüe Rafael Dieste segundo a Orde de 30 de Xuño de 2010 (DOG 6 de xullo de 2010). Mais dende o ano 2005, o centro xa se acollera ao programa de Seccións Bilingües cun ambicioso programa que garantía a existencia de seccións bilingües ao longo de toda a etapa da E.S.O.

As Seccións Bilingües incorporáronse ao sistema educativo galego no curso 1999-2000. Están reguladas segundo a Orde do 18 de abril (DOG 7 de maio), como organización dunha área ou materia do currículo para ser impartida e cursada polo alumnado dun grupo de xeito bilingüe, nunha lingua estranxeira, ademáis das linguas oficiais, galego ou castelán. Ten por finalidade reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira, a través da incorporación parcial do seu uso como instrumento de aprendizaxe e vehículo de comunicación da materia, así como da adquisición da terminoloxía específica.

No curso 2005-06, o IES Rafael Dieste incorporouse a este plan que vai desenrolando a partir de entón con tres materias que se imparten en inglés: Educación Física, Música e Tecnoloxía. A implantación foi progresiva, curso a curso, pero ao ser tres as materias, garantiuse a presenza das Sección Bilingües en todos os cursos da Educación Secundaria, aínda que esta presenza mudou en función dos cambios de currículo que houbo ao longo

dos anos. O programa bilingüe ofertábase a un máximo de 50 alumnos por nivel que se incorporaban en grupos bilingües, e ao resto do alumnado de grupos non bilingües só na materia de inglés e na materia impartida na sección.

Ao ser un programa tan ambicioso, que abrangue a toda a Secundaria, con tres materias e co profesorado acreditado para impartir esas materias en inglés, cando se presentou o programa de centros plurilingües, decidiuse incorporarse a el. A diferenza entre as Seccións Bilingües e un centro Plurilingüe está en que non é un número máximo de alumnado que voluntariamente se incorpora ao programa, senón que todos os alumnos do centro van recibir ás clases de determinadas materias nunha lingua estranxeira.

O obxectivo último deste tipo de centros plurilingües é que o alumnado desenvolva unha competencia comunicativa plurilingüe, de tal maneira que o aprendido nunha lingua poda transferirse á aprendizaxe doutra. Para acadalo propoñemos as seguintes medidas:

1. Facer do inglés a lingua vehicular das materias de Inglés, Educación Física, Música, Tecnoloxía e dunha materia de libre configuración de 1º ESO (*Projects*) ao longo de toda a ESO, e de Inglés no Bacharelato.
2. Traballar na procura dun currículo integrado das linguas, elaborado polos departamentos das distintas linguas do instituto, que faga da capacidade de comunicarse efectivamente en calquera das linguas o obxectivo primordial do noso proxecto educativo.
3. Impulsar o uso das TICs como complemento a esta aprendizaxe das linguas.

Como centro plurilingüe mantivemos as tres materias que tiñamos previamente nas Seccións: Educación Física, Música e Tecnoloxía, mais para poder manter o programa en toda a etapa da ESO, incorporouse o Proxecto Interdisciplinar (PIN) de 1º da ESO, que pasou a ser impartido polo profesorado de inglés. Posteriormente, coa desaparición desta materia, incluíuse unha hora de Afondamento en Inglés, e está previsto comezar, no curso 2020-2021 coa materia “Projects”, impartida polo departamento de inglés. A implantación ao sistema plurilingüe está sendo progresiva, curso a curso, coa conseguinte extinción tamén progresiva do sistema de seccións bilingües.

Como centro plurilingüe, neste curso 2019-20 será impartido en inglés, para todos os alumnos de 1º de ESO, o Afondamento de inglés; e, en 2º de ESO, a Música e Educación Física. A partir deste curso, en 3º de ESO, a Música, a Tecnoloxía e a Educación Física, e en 4º a Educación Física

### **Configuración Inglés Plurilingüe e Seccións Curso 2019-2020**

Curso	Afondamento	MÚSICA	TECNOLOXÍA	ED. FÍSICA
1º ESO	4 AULAS PLUR			
2º ESO		4 AULAS PLUR		
3º ESO		4 AULAS PLUR	4 AULAS PLURI	4 AULAS PLUR
4º ESO				4 AULAS PLUR

O Afondamento de inglés de 1ºESO, impartido por profesorado do Departamento de Inglés, está encamiñado a reforzar os conceptos básicos indispensables do idioma e preparar ao alumnado para as asignaturas que se imparten en nesta materia, dentro do plan plurilingüe do centro. Os obxectivos principais de impartir e dedicar o Afondamento ao inglés son:

- 1- Reforzar os coñecementos básicos imprescindibles do idioma ante a ampla diversidade de niveis con que o alumnado chega ao centro dende os diferentes colexios de orixe.
- 2- Fomentar o uso do inglés como lingua vehicular na clase. Presentar e practicar as funcións precisas para este uso. Repasar como se pregunta. Funcións básicas de comunicación.
- 3- Presentar aspectos relevantes da cultura, tradicións, formas de vida, hábitos e costumes, xeografía dos países anglosaxóns.
- 4- Preparar ao alumnado para as materias que no centro se imparten dentro de plan plurilingüe (música, educación física, principalmente, e tecnoloxía), presentando un vocabulario específico, funcións axeitadas, estruturas gramaticais aplicadas (formulación de preguntas, dar ordes-imperativo, preposicións). Tamén presentación de textos e materiais audiovisuais específicos sobre estas materias (estratexias de comprensión lectora e procura de información e/ou comprensión auditiva).
- 4- Fomentar o traballo en equipo para preparar tarefas centradas nos ámbitos da música e a educación física e deportes.
- 5- Fomentar o emprego das TICs na procura de información en inglés, así como para a presentación dos traballos feitos oralmente na aula.
- 6- Fomentar a presentación oral en inglés como medio de preparar ao alumnado para presentar/falar en público.

En principio utilizaríase o primeiro trimestre para reforzar a asignatura ante a diversidade de niveis. O segundo e terceiro trimestre adicariáanse cada un deles a cada unha das asignaturas. Propóranse tarefas sobre música (achegar vocabulario, información e suxestións de traballo sobre diferentes instrumentos e músicos, grupos, cantantes...) e sobre educación física e deportes (coas mesmas suxestións anteriores). Os traballos poderán seren organizados en parellas, equipos ou de carácter individual.

As medidas que o Departamento propón para acadar estes obxectivos son:

- Auxiliar de conversa: dende que somos centro bilingüe, case todos os cursos tivemos un auxiliar de conversa que nos axuda nas actividades de fomento da lingua e a cultura dun país anglosaxón. Temos recibido auxiliares de diferentes procedencias: Gran Bretaña, EE.UU. e Canadá. Estes auxiliares axudan nas tarefas ao desdobrar as aulas para poder exercitar os estratexias de comprensión auditiva (listening) e a produción oral (speaking). Estes auxiliares tamén axudan aos profesores CLIL (música, educación física e tecnoloxía) na preparación das clases e na lingua. Por último, preparan actividades sobre as tradicións e aspectos culturais dos seus respectivos países de orixe. Tamén participan nas actividades extraescolares.
- Uso das TICs: dende que temos aulas-materia, o uso das TICs está máis presente nas aulas de inglés. Con clases baseadas en recursos que poden encontrarse na rede: presentación de videos e audios. Os alumnos tamén presentan proxectos utilizando recursos tecnolóxicos.

- Actividades extraescolares: inténtase utilizar o inglés nas actividades extraescolares como lingua vehicular ademais do galego e o castelán. O departamento oferta actividades como: contacontos en galego e inglés, obras de teatro en inglés, a proxección de películas en versión orixinal con subtítulos en inglés e/ou castelán, coloquios, charlas e conferencias sobre a cultura anglosaxona en inglés. Presentacións que teñen o inglés como un idioma vehicular máis. Ademais, o centro realiza un intercambio escolar dende fai varios cursos cun centro alemán, onde o inglés é a lingua de comunicación.

Con vistas ao futuro, dentro do proxecto plurilingüe propoñemos:

- Poder renovar a presenza dun auxiliar de conversa cada curso.
- Medidas de apoio e axuste de programacións: ante a disparidade de niveis co que o alumnado chega ao centro, poderemos diseñar actividades e/ou grupos de reforzo na lingua estranxeira.
- Actualizar e por en valor a promesa de axuda para os centros plurilingües por parte da administración.

- Traballar coas asignaturas CLIL nunha programación integrada dos aspectos lingüísticos que debemos potenciar e reforzar, para poder desenvolver o currículo das devanditas materias.

- Currículo integrado das linguas, elaborado polos departamentos das distintas linguas do instituto, que faga da capacidade de comunicarse efectivamente en calquera das linguas o obxectivo primordial do noso proxecto educativo.

## **6- PROPOSTAS PARA UN MELLOR APROVEITAMENTO DAS ENSIANZAS**

As que presentamos a seguir son propostas que están dirixidas a aquel alumnado que non mostra suficiente dominio das linguas e que lle impide ou dificulta seguir con aproveitamento as ensinanzas de ESO e BAC

O centro debe ter previstas medidas para lograr que o alumnado que presente carencias no dominio das linguas oficiais por diversas razóns (país de orixe, situación social e/ou deficiencias cognitivas), acade o maior grao de aproveitamento escolar posible.

A adopción destas medidas comenará por unha avaliación inicial, en coordinación co departamento de Orientación, do nivel académico e o rendemento daquel alumnado que presente dificultades, ou que potencialmente as poida presentar, identificando se estas se deben a deficiencias no dominio das linguas oficiais e facendo un diagnóstico sobre a competencia real que posúe en cada unha delas.

Deberáanse aplicar as medidas de reforzo educativo contempladas no apartado de Atención á Diversidade recollidas nas programacións didácticas dos departamentos. No caso de que estas medidas resultasen insuficientes para acadar a competencia lingüística adecuada ao nivel educativo do alumnado afectado, elaboraranse Adaptacións Curriculares Individualizadas (ACI) dirixidas polo departamento de Orientación.

Os departamentos de Lingua galega e Lingua castelá e Inglés deseñarán os Agrupamentos Específicos que consideren precisos especialmente no primeiro ciclo da ESO.

Dado o significativo número de alumnos/as inmigrantes que temos no centro, faise moi necesario deseñar programas de acollida que faciliten a este alumnado unha axeitada integración no grupo de referencia, con posibilidades reais de seguir o percurso académico co mellor aproveitamento.

Outras medidas poden ser:

- Programar horas de atención ao alumnado coa materia pendente e ofertar unha atención diferenciada por niveis fóra do horario lectivo. Esta oferta poderá facerse extensiva ao alumnado que necesite reforzo.
- Autorizar exencións na materia de lingua galega nos cursos e supostos que contempla a normativa vixente para traballar noutros programas de apoio.
- Autorizar exencións da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO, para traballar na mellora da súas competencias nas linguas oficiais.

### **Para o alumnado procedente do estranxeiro, que descoñece as dúas linguas oficiais.**

#### **- Grupos de adquisición das linguas.**

Segundo a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, esta medida estará dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia e consiste en agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se encontre escolarizado.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. O alumnado de ESO pertencente a un grupo de adquisición das linguas non ten que estar escolarizado no mesmo curso ou ciclo.

O horario semanal máximo de pertenza a un **grupo de adquisición das linguas** será de 24 períodos lectivos na ESO, e deberase ir reducindo de xeito gradual a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe. Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno na ESO, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de Educación Física, Música e Educación Plástica e Visual, así como no período de tutoría.

### **Para o alumnado que procede doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro e coñece o castelán, pero non o galego.**

A exención en Lingua Galega e Literatura é unha medida transitoria pensada para facilitar a incorporación do alumnado que chega doutros países e doutras comunidades educativas, pero en ningún caso debe impedir ou dificultar que o alumno ou alumna exenta adquira os coñecementos da lingua galega que teñen os seus compañeiros de estudos.

Ao remate do seu prazo de exención, que nunca excederá os dous cursos académicos, este alumnado deberá ter adquiridos os coñecementos suficientes da lingua galega para poder seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea, ou vaia matricularse en igualdade de condicións cós seus compañeiros de clase. Cómpre lembrar que o noso sistema é integrador, non excluínte, polo tanto é moi importante axudar a ese alumnado exento no proceso de integración na actividade académica.

A posta en marcha de todas ou de parte destas medidas dependerá das posibilidades organizativas do centro o comenzo do curso.

## **7- ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES PARA A MELLORA DA COMPETENCIA COMUNICATIVA ORAL E ESCRITA NAS LINGUAS OFICIAIS .**

A mellora da competencia comunicativa nas linguas oficiais é unha importante labor que non debe recaer en exclusiva nos profesores dos departamentos de lingua galega e lingua castelá. Por esta razón, todo o profesorado coidará a calidade e a adecuación das súas producións lingüísticas (orais e escritas) con independencia da lingua empregada.

A seguir, facemos un repaso das distintas estratexias que se empregarán nas aulas de todas as materias:

### **Estratexias de comunicación.**

Estas estratexias permiten ao alumnado manter a comunicación en lugar de abandonala ante as dificultades imprevistas. Entre estas, haberá que favorecer a procura de procedementos alternativos que lle permitan ao falante conseguir o seu propósito comunicativo:

- parafrasear, explicar mediante exemplos, empregar un termo inventado que se considere comprensible polo receptor, etc.
- aprender a traballar cos datos contextuais.
- saber recorrer a claves extralingüísticas.
- pedir aclaracións ao interlocutor para asegurarse da correcta comprensión das mensaxes.
- traballar na diversidade dos rexistros comunicativos e na súa adecuación ás distintas situacións, de forma oral e escrita.
- debater sobre temas académicos ou de actualidade.

### **Estratexias cognitivas.**

Estas estratexias procuran que o alumnado aprenda a traballar, a procesar a información, coa finalidade de que comprenda o seu sentido, poida recordalo e sexa capaz de elaborar novos textos:

- explorar un texto. Ollar o material adxudicado para formarse un marco mental ou esquema.
- acceder ao coñecemento previo. Lembrar o que se sabe sobre o contido como complemento á exploración previa.
- extraer as ideas do texto e contrastalas coas ideas propias.
- elaborar novos textos que apoiem ou refuten as ideas contidas.

### **Estratexias metacognitivas.**

Estas estratexias están orientadas a saber en que consiste aprender, saber como se aprenderá mellor e saber como é un mesmo, as súas emocións, os seus sentimentos, as súas actitudes e as súas aptitudes:

- Deterse a recoñecer o obxectivo e a finalidade dun exercicio ou tarefa que se vaia realizar (distinguindo, por exemplo, entre un que serve para o enriquecemento do vocabulario mediante a lectura dun texto e outro que serve para o perfeccionamento da comprensión lectora).
- A autoavaliación dunha actividade xa realizada.
- A procura de ocasións de práctica para consolidar o aprendido na clase.

### **Estratexias socioafectivas.**

Son todas aquelas decisións que o alumnado toma e aquelas formas de comportamento que adopta coa finalidade de reforzar a influencia favorábel dos factores persoais e sociais na aprendizaxe.

A importancia destas estratexias radica no feito de que a aprendizaxe se desenvolve non só a partir de procesos cognitivos, pois entre estes e as emocións e actitudes do alumnado establécense fortes vencellos de interdependencia.

Por outra banda, na súa vertente social, mediante estas estratexias acrecéntase o contacto do alumnado coa lingua e potencianse os seus efectos positivos na aprendizaxe:

- Realizar actividades de diverso tipo para superar inhibicións e bloqueos no uso oral da lingua.
- Interactuar con alumnos falantes doutras linguas para valorar os efectos positivos da pluralidade lingüística.
- Desenvolver actitudes positivas ante as diferentes convencións sociais entre a cultura propia e outras culturas.



## 8- DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE ESO E BACHARELATO

### 1º ESO

GALEGO (14 h)	HORAS	CASTELÁN (13 h)	HORAS
Lingua Galega e Literatura	4	Lingua Castelá e Literatura	4
Xeografía e Historia	3	Matemáticas	5
Bioloxía e Xeoloxía (4h)	4	Educación Física	2
Valores Éticos	1	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
Relixión Católica	1		
Relixión Evanxélica	1		
COMPLETAN HORARIO: Inglés (3+1), Francés(2) + titoría (1 h)			

#### Total:

- Galego: 14 h
- Castelán: 13 h
- Inglés: 4 h

### 2ºESO

GALEGO (11 h)	HORAS	CASTELÁN (14 H)	HORAS
Lingua Galega e Literatura	3	Lingua Castelá e Literatura	3
Xeografía e Historia	3	Física e Química	3
Valores éticos	1	Matemáticas	5

Relixión Católica	1	Tecnoloxía	3
Relixión Evanxélica	1		
Oratoria	1		
ITI	1		
COMPLETAN HORARIO: Inglés (3h), Francés (2h), Música (2 h., Plurilingüe) Educación física (2 h., plurilingüe), Tutoría (1h)			

**Total:**

- Galego: 11 h
- Castelán: 14 h
- Inglés: 7 h

**3ºESO**

GALEGO (12 h)	HORAS	CASTELÁN (12 h)	HORAS
Bioloxía e Xeoloxía	2	Física e Química	2
Xeografía e Historia	3	Lingua Castelá e Literatura	3
Lingua Galega e Literatura	3	Cultura Clásica	2
Valores Éticos	1	Matemáticas Académicas Matemáticas Aplicadas	4
Relixión Católica	1	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
		Relixión Evanxélica	1
COMPLETAN HORARIO: Inglés (3h), Francés (2h), Tutoría (1h), Tecnoloxía (Plurilingüe 2 h), Música (Plurilingüe 2 h), Educación Física (plurilingüe 2 h)			

**Total:**

- Galego: 12 h
- Castelán: 12 h
- Inglés: 9 h

### 4ºESO

GALEGO (24h)	HORAS	CASTELÁN (25 h)	HORAS
Xeografía e Historia	3	Lingua Castelá e Literatura	3
Lingua Galega e Literatura	3	Matemáticas Académicas Matemáticas aplicadas	4
Bioloxía e Xeoloxía	3	Física e Química	3
Latín	3	Economía	3
Ciencias aplicadas a actividade profesional	3	Iniciación a actividade empresarial	3
Cultura Clásica	3	Tecnoloxía	3
Filosofía	3	Música	3
Relixión Católica	1	Relixión Evanxélica	1
Valores éticos	1		
EPV	3	TIC	3
COMPLETAN HORARIO: Inglés (3h), Francés (3h), Tutoría (1h), Educación Física (2 h pluriligüe)			

**Total:**

- Galego: 24 h
- Castelán 25 h

- Inglés: 5 h

<b>1º CURSO DE BACHARELATO</b>			
	<b>Materia</b>	<b>Horas</b>	<b>Lingua</b>
<b>MATERIAS TRONCAIS XERAIS</b>	Lingua castelá e literatura	3	Castelán
	Lingua galega e literatura ( <i>Libre configuración autónoma</i> )	3	Galego
	Inglés II	3	
	Educación física ( <i>Específica obrigatoria</i> )	2	Castelán
	Matemáticas I Mat. aplicadas ás CCSS	4	Castelán
	Latín	4	Galego
	Filosofía	3	Galego
<b>MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (8 horas)</b>	<b>OPCIÓN A:</b> Bioloxía e Xeoloxía	4	Galego
	<b>OPCIÓN A/B:</b> Física e Química (4h)	4	Castelán
	<b>OPCIÓN B:</b> Debuxo Técnico (4h)	4	Castelán
	<b>SOCIAIS:</b> Economía(4h)	4	Castelán
	<b>SOCIAIS/:HUMANIDADES:</b> Hª do Mundo Contemporáneo	4	Galego
	<b>HUMANIDADES:</b> Literatura Universal	4	Castelán

	<b>HUMANIDADES:</b> Grego	4	Galego
<b>MATERIAS ESPECÍFICAS</b>	Tecnoloxía industrial I	3	Castelán
	Linguaxe e práctica musical	3	Castelán
	Anatomía aplicada	3	Castelán
	TIC I	3 2	Galego
	Cultura Científica	2	Galego
	Francés		
	Relixión	1	Galego
<b>MATERIAS LIBRE CONFIGURACIÓN</b>	Fundamentos Léxicos da Ciencia e a Técnica	1	Galego

<b>2º CURSO DE BACHARELATO</b>			
	<b>Materia</b>	<b>Horas</b>	<b>Lingua</b>
<b>MATERIAS TRONCAIS</b>	Lingua castelá e literatura	3	Castelán
	Lingua galega e literatura (Libre configuración autonómica)	3	Galego
	Historia de España	3	Galego
	Inglés I	3	

<b>XERAIS</b>	Matemáticas I Mat. aplicadas ás CCSS	4	Castelán
	Latín	4	Galego
<b>MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (8 horas)</b>	<b>OPCIÓN A:</b> Bioloxía	4	Galego
	<b>OPCIÓN A:</b> Química	4	Castelán
	<b>OPCIÓN B:</b> Debuxo Técnico II	4	Castelán
	<b>OPCIÓN B:</b> Física	4	Castelán
	<b>SOCIAIS:</b> Xeografía	4	Galego
	<b>SOCIAIS:</b> Economía da empresa	4	Castelán
	<b>HUMANIDADES:</b> Hist da Filosofía	4	Galego
	<b>HUMANIDADES:</b> Grego	4	Galego
	<b>HUMANIDADES:</b> Hist da Arte	4	Castelán
<b>MATERIAS ESPECÍFICAS</b>	Tecnoloxía Industrial II	3	Castelán
	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	3	Galego
	TIC II	3	Castelán
	Francés II	3	
	Relixión	1	Galego
	Hº da Música e Danza	3	Castelán
	Psicología	3	Galego
<b>MATERIAS LIBRE</b>	Métodos estadísticos e numéricos	2	Galego

<b>CONFIGURACIÓN</b>			
	Educación Física	1	Castelán
	Prácticas de Comentario de Texto	1	Castelán

## 9- AVALIACIÓN DO PROXECTO.

A avaliación deste proxecto é unha parte esencial do mesmo, así como o mecanismo que garante o seu sentido e utilidade. É imprescindible facer un seguimento do seu cumprimento no seu conxunto e, ao mesmo tempo, avaliar cada actividade en particular.

A respecto das medidas de dinamización :

- Facer unha avaliación continuada da posta en práctica das actividades de dinamización realizadas e dos seus resultados. Unha vez levadas á práctica as actuacións deseñadas no PLC, farase unha avaliación das mesmas e dos seus resultados a curto prazo.
- Diseñar instrumentos para avaliar cada actuación en particular.
- A aplicación do proxecto debe ser flexible, procurando axustar as actividades aos resultados das avaliacións que se vaian facendo ao longo do curso ou cursos que abarquen.

A respecto do conxunto do proxecto:

- Ao final de cada curso académico deberase analizar o conxunto de actuacións desenvolvidas e avaliar a consecución dos obxectivos marcados neste PLC, e moi especialmente o obxectivo central de acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais por parte do noso alumnado.
- Ter en conta os resultados sobre competencia lingüística que obteña o noso alumnado nas probas de Avaliación de diagnóstico e propor medidas de mellora.
- Facer unha valoración do funcionamento e dos resultados do proxecto plurilingüe.
- De xeito periódico (cada catro anos) facer un diagnóstico sobre a vixencia ou obsolescencia do conxunto do PLC, procedendo á súa renovación se for necesaria.

